



Científicos galegos respaldan a declaración de personalidades e organizacións da sociedade civil sobre as aplicacións da biotecnoloxía

“Non necesitamos máis tecnoloxía para enfrontarnos ao problema da fame, o que necesitamos son cambios políticos”

Compostela 18 febreiro 09.

Na mañá de hoxe a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) vén de presentar oficialmente na Galiza a “**Declaración Estatal contra os OXM’s: A sociedade civil contra o uso de transxénicos na agricultura e na alimentación**”, dentro dunha acción coordinada a nivel estatal para a transmisión deste documento respaldado pola comunidade científica e impulsado polas organizacións *Amigos de la Tierra, COAG, Ecologistas en Acción, Plataforma Rural* e *Greenpeace*.

Devandita declaración conta coa adhesión de máis de 450 investigadoras/es, docentes universitarias/os, organizacións profesionais agrarias, asociacións ecoloxistas, de consumidoras/es, de produtoras/es de agricultura ecolóxica, ONG’s do desenvolvemento e entidades privadas.

Nesta ocasión a PGA contou coa análise dos investigadores **Serafin González Prieto**, científico titular do *Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)* e doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela, e o Doutor en Economía e docente titular do departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, **Xavier Simón Fernández**.

Nas súa intervención, o doutor **Serafin González** chamou a atención sobor dos efectos que os OXM operan na biodiversidade, resaltando a falta de investigacións neste eido, e salientando a grave problemática da contaminación do solo “a base de todos os ecosistemas terrestres, onde están almacenados grande parte dos nutrientes que fan falla para as nosas colleitas”.

Serafin González condenou a liberación de organismos no medio natural, ao non saberse na actualidade cales son as súas repercusións. “O *principio de precaución* é neste caso determinante e clave”.

Ademais, aclarou que unha contaminación biolóxica, como neste caso a xenética, pode multiplicarse e estenderse no medio, “dificultando a loita” perante dos posíbeis problemas. “Non á utilización destes organismos no medio natural”, sentenciou.

Pola súa banda, o doutor **Xavier Simón**, considera esta nova fase do desenvolvemento tecnolóxico aplicado na agricultura coma un paso máis na mal chamada “Revolución Verde”* .

A “Revolución Verde”, presentouse no seu momento como o xeito de acabar co problema da fame, acadar que as economías occidentais deixaran de ser importadoras netas de alimentos e, de xeito fundamental, **colocar dentro do mercado a un conxunto importante da comunidade que até ese momento garantía as condicións de produción en base aos medios e recursos existentes localmente, polo tanto fóra dos circuitos mercantís e non sometidos aos intereses das grandes multinacionais.**

Tra-la revolución verde, por primeira vez as economías occidentais pasaron a ser exportadoras. O problema da fame, pola contra, agravouse.

A este respecto, Simón subliñou que na actualidade, seguindo cifras dos organismos internacionais, “máis de tres millóns de pequen@s labreg@s son pobres ou moi pobres e oitocentos millóns de persoas pasan fame. A Revolución Verde foi un fracaso.”

Os cultivos transxénicos aparecen agora por parte das multinacionais como unha solución tecnolóxica para resolver os problemas que a Revolución Verde non foi capaz de eliminar, a panacea para rematar co problema da fame. “Este argumento é un dos máis hipócritas que podemos atopar para defender os transxénicos na agricultura mundial, e neste caso na galega”.

“Os OXM´s non teñen tanto que ver coa obtención de produtos para a alimentación humana, senón que moitas veces están adicados á produción de fibras, substitutos do plástico e produtos destinados á alimentación animal e non á humana (...) O patrón de consumo en base a proteínas animais, sobre todo de carne roxa, é un patrón de consumo das comunidades occidentais, onde non hai un problema de fame, senón de sobrepeso.”

“Non son entes abstractos, elementos tecnolóxicos illados. A posta en marcha desta pretendida solución tecnolóxica leva aparellado o desenvolvemento de sistemas de apropiación da biodiversidade, que van a significar o establecemento de patentes e sistemas.”

Non é ético que as multinacionais teñan dereitos de propiedade exclusiva sobor dunha manifestación vital, sobor dunha parte da vida que é o resultado dun proceso de co-evolución das sociedades labregas e a natureza.

“Os OXM´s son a mostra dun proceso moito máis amplo, impulsado polas compañías multinacionais, pola natureza do propio sistema capitalista, de apropiación e artificialización dos sistemas, como se a tecnoloxía estivera por riba da propia natureza, unha consideración equivocada, perigosa e perversa.”

O seu avance forma parte do proceso de sometimento ás leis do mercado, é unha apropiación poñerlle prezo a unha parte da vida.

“Dicir non aos transxénicos non significa dicir non ao cambio, senón pór enriba da mesa elementos como o *principio de precaución*, apostar por unha agricultura respetuosa das condicións ambientais, das persoas e que incida na necesidade de incrementar a produción de alimentos nunha agricultura ecolóxica e tradicional, que debe ser o elemento que nos permita solucionar os problemas da fame e do medioambiente.

“Non necesitamos máis tecnoloxía para enfrontarnos a estes problemas, o que necesitamos son cambios políticos, cambios institucionais, que impidan solucións precipitadas e non controladas.”

*Iniciada na década dos 40 do século pasado, centros de investigación fundamentalmente norteamericanos, apoiados polos gobernos occidentais, denominaron Revolución Verde á introdución de novos sistemas agrarios no Terceiro Mundo.

Esta “revolución” consistiu na introdución de “variedades de alto rendemento” acadadas mediante procesos de hibridación, non ao modo da agricultura tradicional, que o realiza ao longo de centos de anos, senón que por impulso das investigacións e das compañías internacionais, estas variedades substituíron a aquelas perfectamente adaptadas ás condicións medioambientais.

■ Obterán máis información contactando con:

Nome	Responsabilidade	Teléfono
Charo Sánchez Parga	Voceira	669651700
Analia Moares Lameiro	Voceira	988374318 / 660310049

Moitas grazas pola vosa atención

COLECTIVOS INTEGRANTES DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS

- A Esmorga
- A Gentalha do Pichel
 - A Xoaniña
- AC Caleidoskopio
 - ADEGA
 - ADENCO
 - APEGA
- Alternativas Nómadas
 - Amarante
 - Amigos da Terra
 - Anacos da Cidade
 - Arrincadeira
- Asoc. Cultural Meiro
 - CIG-Servizos
 - CRAEGA
 - Coto do Frade
 - Cova da Terra
 - Eirado
 - Erva
 - FugaEmRede
- Fundación Sen Esquencer
 - Info-Transxenicos Tui
- Implicadas no Desenvolvemento
 - O Grelo Verde
- Rede de Consumo Consciente
 - Saramaganta
 - Semente
- Sindicato Labrego Galego
 - Verdegaia
- Veterinarios Sen Fronteiras

Zonas Libres de Transxénicos na Galiza:

- Lalín (Pontevedra)
- Silleda (Pontevedra)
- Irixo (Ourense)
- Chantada (Lugo)
- Val do Dubra
- Ames (Coruña)
- Negreira (Coruña)
- Riotorto (Lugo)
- Verín (Ourense)
- Forcarei (Pontevedra)
- Ribadavia